

**PREGO DE BASES DO CONCURSO CONVOCADO PARA O OUTORGAMENTO DA
AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA NECESARIA PARA A ORGANIZACIÓN E
XESTIÓN DO MERCADO / FEIRA DE VERÁN DE PORTONOVO – TEMPADA 2024**

Sanxenxo, a 13 de marzo de 2024



CAPÍTULO I. OBXECTO E DELIMITACIÓN DO CONCURSO

BASE 1º. Obxecto das presentes bases

1. Obxecto.

É obxecto deste documento regular as condicións para a adxudicación e outorgamento da autorización administrativa necesaria para levar a cabo a organización e xestión do mercado / feira de verán de Portonovo durante a tempada 2024 (prorrogable por tres temporadas máis), incluído o subministro, montaxe e instalación, mantemento (preventivo e correctivo) e desmontaxe da casetas para a súa celebración, que se desenvolverá na rúa Rafael Picó, na superficie indicada Base n.º 2 deste Prego incluída dentro do dominio público marítimo-terrestre e indicada na Memoria Técnica.

O espazo reservado para o desenvolvemento do mercado / feira comprende a superficie delimitada no plano (aproximadamente 720 m²), que serán ocupados coa instalación de casetas, con destinos e usos de distinta finalidade (carácter multisectorial) congruentes coas características do mercado / feira, a súa localización e destinatarios. En todo caso quedan excluídos do ámbito deste mercado / feira os postos de carácter alimentario, sen que poidan ocuparse casetas ou instalacións destinadas á venda ou comercialización de calquera produto alimenticio e/o bebidas.

A autorización a outorgar no marco deste concurso habilitará, polo tanto, ao adxudicatario, á marxe das obrigacións que correspondan, para a ocupación e uso privativo da superficie/espazo de dominio público no que se prevé a celebración deste evento, así como para a realización neste espazo das tarefas de organización e xestión do mercado / feira de verán de Portonovo conforme o disposto nas presentes bases e na Memoria Técnica.

Dita autorización habilitará tamén a cesión a terceiros do dereito de uso das superficies obxecto da mesma no que respecta a ocupación e explotación das casetas situadas neste ámbito.

2. Fundamento e réxime xurídico

A explotación de bens patrimoniais e/ou a ocupación do dominio público para o desenvolvemento de actividades de tempada é un dos supostos no que a normativa de aplicación (entre outras, a Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, o Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas e a Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas) esixe a/s preceptiva/s autorizacións administrativas, que deberán outorgarse en réxime de concorrencia competitiva, salvagardando os principios de publicidade, transparencia e imparcialidade, e atendendo ao maior interese e utilidade pública das propostas.



Consecuentemente, para o outorgamento da autorización necesaria no marco da organización, xestión e desenvolvemento do mercado / feira de Portonovo para a tempada de verán do ano 2024 (con posibilidade de tres prórrogas anuais) é precisa a celebración dun procedemento de concorrência competitiva previo que garanta os mencionados principios. Este é o fundamento ao que responde o concurso regulado a través das presentes bases.

Cabe sinalar que, en virtude do establecido no artigo 5 da Lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia, corresponde aos Concellos as competencias en materia de promoción dos recursos turísticos do termo municipal, desenvolvemento de infraestruturas turísticas no ámbito da súa competencia, e a potenciación e promoción do seu ámbito territorial como destino turístico. Neste mesmo sentido se pronuncia o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que establece como competencias propias do municipio as de organización de feiras, regulación do comercio ambulante ou ó pormenor, e promoción da actividade turística de interese e ámbito local. No exercicio das mencionadas competencias, e co obxectivo de potenciar o termo municipal de Sanxenxo como punto neurálxico en Galicia dun turismo de calidade.

O interese que o Concello de Sanxenxo busca satisfacer a través deste procedemento é o de promover e configurar un mercado / feira única, polas súas dimensións, características e prestacións, no ámbito autonómico, que sirva como reclamo turístico municipal durante a tempada de verán, e que contribúa aos obxectivos de consolidación dun turismo de calidade, que repousa sobre as bases dunha oferta de servizos e produtos distinguidos, singulares e únicos no panorama autonómico e nacional.

Para isto, entendese que a vía idónea é a selección dunha proposta ou entidade que, reunindo as características necesarias (básicas e esenciais) para satisfacer os obxectivos que se identifican previamente, permita contribuír a esta finalidade e configurar un mercado / feira en termos de máxima calidade. Todo elo a través, como se indica, dun procedemento que salvagarde o outorgamento da preceptiva autorización en condicións de transparencia, igualdade, imparcialidade e concorrência competitiva.

Corresponde a esta sociedade mercantil, á vista do establecido na Memoria de Ínsula Sanxenxo Empresa Municipal de Vivenda e Solo, S.L. incorporada ao orzamento municipal aprobado, a tramitación deste procedemento. A entidade adxudicataria seleccionada neste procedemento será a beneficiaria da autorización a outorgar por parte da Entidade Local.

BASE 2º. Alcance da autorización a outorgar e ámbito espacial

O mercado / feira desenvolverase nunha superficie aproximada de 720 m², sita na Rúa Rafael Picó de Portonovo (Sanxenxo), incluída dentro do dominio público marítimo-terrestre, que se delimita especificamente no Anexo I a estas bases.



Con data 16 de febreiro de 2024 por parte do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra outorgouse a correspondente autorización administrativa para a ocupación deste espazo de dominio público marítimo-terrestre para levar a cabo o mercado / feira de Portonovo dende o 21 de xuño ata o 1 de setembro de 2024. Incorporase dita autorización como Anexo II a estas bases.

Neste escenario, o contido da autorización administrativa a outorgar á entidade adxudicataria comprenderá o dereito de ocupación do dominio público (na área previamente delimitada) e á súa explotación para a organización, xestión e desenvolvemento, incluído o subministro, montaxe e instalación, mantemento (preventivo e correctivo) e desmontaxe das casetas para a súa celebración, na tempada de verán do ano 2024, nos termos e coas condicións que se recollerán en dita autorización, así como na autorización outorgada polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.

Dita autorización será susceptible de prórroga nos termos expostos na Base 3ª.

A autorización non será transferible a terceiros, a excepción da posibilidade de cesión a terceiros do dereito de uso das superficies obxecto da mesma no que respecta a ocupación e explotación das casetas situadas neste ámbito.

BASE 3º. Duración da autorización a outorgar

A duración da autorización obxecto deste concurso comprenderá a tempada de verán 2024. Máis concretamente, o período de duración proxectado para o mercado/ feira establececese dende o 21 de xuño ata o 1 de setembro de 2024.

A montaxe terá que realizarse nun prazo máximo e dez días dende o outorgamento da autorización. A desmontaxe das instalacións terá lugar nos tres días posteriores á finalización da mesma, e realizarase de conformidade co calendario de desmontaxe que o adxudicatario teña feito constar. De maneira excepcional, a data de finalización poderá ser ampliada a solicitude da adxudicataria, e con base en causas técnicas vinculadas ás labores de desmontaxe, por un período non superior a cinco días hábiles a maiores dos outorgados de xeito ordinario para estas tarefas.

Unha vez finalizada a tempada (cos prazos antes sinalados), a entidade adxudicataria deberá cesar na ocupación do dominio público, e deixar o espazo completamente libre de toda actividade e instalación, deixando o mesmo en iguais condicións que se atopaba antes do outorgamento desta autorización e da actividade levada a cabo.

A autorización a outorgar neste concurso poderá ser anualmente obxecto de sucesivas prórrogas, por un máximo de tres tempadas máis (isto é, para as tempadas 2025, 2026 e 2027), segundo as seguintes regras:



- As prórrogas deberán ser expresas, e concederanse en todo caso previa a solicitude do interesado que terá que presentarse antes do 1 de xaneiro de cada anualidade.
- Será condición *sine qua non* para a prorroga da autorización a obtención da preceptiva autorización anual outorgada polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra para cada tempada obxecto de prórroga, nos mesmos termos e condicións que a autorización incorporada ao Anexo II destas bases.
- A prórroga soamente poderá ser denegada nos seguintes supostos:
 - a. Incumprimento das obrigas establecidas nas presentes bases e na Memoria Técnica por parte do adxudicatario, segundo conste en resolución de expediente tramitado ao efecto con todas as garantías legais.
 - b. Decisión do Concello de Sanxenxo, ou dos seus entes dependentes, de levar a cabo a organización e xestión do mercado / feira de Portonovo de forma directa polos seus propios medios.
 - c. Falta de solicitude por parte do adxudicatario ou interesado.
 - d. Falta da preceptiva autorización anual outorgada polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra para a ocupación do espazo de dominio público marítimo-terrestre para levar a cabo o mercado / feira de Portonovo nos termos e condicións antes sinaladas.
 - e. Situación de estado de alarma, excepción, sitio, ou situación de catástrofe que impida os usos normais dos espazos públicos naturais da zona marítimo-terrestre. Este impedimento deberá estar acreditado por acto administrativo de alcance xeral ou norma xurídica.

BASE 4º. Obrigas e dereitos económicos

O adxudicatario deberá aboar a Insula Sanxenxo Empresa Municipal de Vivenda e Solo, S.L. pola autorización outorgada para a ocupación e explotación desta superficie de dominio público para a organización e xestión do mercado / feira de Portonovo:

- Un canon mínimo de noventa e oito mil euros (98.000 €) máis IVE, sen prexuízo das melloras que poidan ofertarse nos termos da Base 8ª.
- O importe do canon fixado polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra pola ocupación dos terreos de dominio público durante todo o período. Para a tempada 2024 este importe ascende a oito mil douscentos corenta e seis euros con oitenta e seis céntimos (8.246,86 €).



A retribución do adxudicatario será a cantidade que perciba dos comerciantes que se instalen nas diferentes casetas que se describan na Memoria Técnica. O número de casetas mínimo a instalar pola entidade adxudicataria será de 70 casetas, no podendo superar as 80 casetas en ningún caso.

A explotación do mercado / concurso será pola súa conta e risco a todos os efectos.

BASE 5º. Réxime de pagos

O importe (canon) a abonar polo adxudicatario a Insula Sanxenxo Empresa Municipal de Vivenda e Solo, S.L. resultará da oferta que presente o adxudicatario desta autorización, realizándose o pago en tres prazos:

- 1) O día do outorgamento da autorización ingresarse o 30% do canon ofertado.
- 2) Aos 10 días naturais do outorgamento da autorización, ingresarse o 30% do canon ofertado.
- 3) Antes do 1 de agosto de 2024 deberá efectuarse o pago do 40% restante.

Así mesmo, o adxudicatario deberá abonar a Insula Sanxenxo Empresa Municipal de Vivenda e Solo, S.L. o importe correspondente ao canon que fixe o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra pola ocupación dos terreos de dominio público. Este canon deberá abonarse xuntamente co segundo pago correspondente á solicitude adxudicada.

CAPÍTULO II. FORMA E FASES DO CONCURSO

BASE 6º. Forma de outorgamento e publicidade

O procedemento de obtención da autorización regularase polo establecido nas presentes bases, que se configuran de acordo cos principios e condicionantes estarrecidos a estes efectos na Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, no Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas, na Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e, el último termo, polos principios inspiradores da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As bases do presente concurso, así como as actuacións levadas a cabo no marco do mesmo, serán publicadas na web do Concello de Sanxenxo: www.sanxenxo.com, así como nas redes sociais desta Entidade Local (Twitter, Instagram, Facebook).

BASE 7º. Capacidade e condicións de solvencia das entidades solicitantes.



Atendendo á finalidade perseguida co presente procedemento, poderán presentar solicitude no mesmo as entidades que cumpran as seguintes condicións:

- A. Ter a condición de entidade con personalidade xurídica.
- B. Non atoparse incurso en ningunha das prohibicións de contratar que enumera o artigo 71 da Lei de Contratos do Sector Público.
- C. Non dispor de ningunha débeda contraída co Concello de Sanxenxo, nin con ningún ente dependente do mesmo (Ínsula Sanxenxo Empresa Municipal da Vivenda e do Solo, S.L., Turismo de Sanxenxo, S.L., o Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo e Nauta Sanxenxo, S.L.)
- D. Dispor a data de presentación da solicitude, e durante toda a duración da autorización, dun seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos derivados da actividade a desenvolver no dominio público, por importe mínimo de CATROCENTOS MIL EUROS (400.000 €). Ou, no seu defecto, dun compromiso vinculante da súa subscricións no caso de resultar adxudicatario, con carácter previo ao desenvolvemento da actividade.
- E. Cumprir con todas e cada unha das especificacións das presentes bases e da Memoria Técnica (con especial referencia ás determinacións vinculantes sobre a incluído o subministro, montaxe e instalación, mantemento e desmontaxe da casetas para a súa celebración)

BASE 8º. Criterios de valoración das solicitudes para o outorgamento da autorización

Para o outorgamento da autorización teranse en conta os seguintes criterios a valorar nas solicitudes presentadas:

A. Criterios avaliados mediante xuízo de valor.

Proposta técnica a presentar polo interesado (ata 50 puntos), que se ponderará de acordo con os seguintes criterios.

A1. Proposta de organización e xestión do mercado / feira que estará aberta desde o 21 de xuño ao 1 de setembro de 2024, co seguinte horario: mañás de 12:00 horas a 15 horas; tardes de 18:00 horas a 01:00 horas.

Para a elaboración desta proposta, incluírase unha memoria que conteña, como mínimo, o establecido a continuación, e as previsións establecidas no apartado 11 da Memoria Técnica, acreditando que dispón dos suficientes medios persoais e materiais para a correcta execución do obxecto do presente Prego:



- a) A tipoloxía e calidade dos materiais das casetas para instalar e as súas características estéticas (vinculadas á estética mariñeira), dimensionales, estruturais e técnicas de acordo coa Memoria Técnica, así como o desenvolvemento e nivel de detalle e precisión do plan de montaxe, desmonte e mantemento propostos (con tempos e procesos). **Valorarase cun máximo de 40 puntos**, que serán xustificadas polos técnicos designados no momento de informar e asignar as puntuacións, con base nos seguintes criterios:
- Calidade dos materiais, casetas e demais ornamento/mobiliario: **valorarase cun máximo de 10 puntos**.
 - Innovación: valorarase a adscrición ao servizo de propostas con elementos e instalacións exclusivos e novos para o evento (deseñados e creados especificamente para o mesmo), debendo constar a acreditación deste carácter novo e exclusivo a través dos mecanismos legais que estimen oportunos (encargos, proformas, facturas). Terán a máxima puntuación aquelas propostas que acrediten a adscrición ao servizo da totalidade de elementos novos exclusivos para o evento: **valorarase cun máximo de 20 puntos**.
 - Adecuación da proposta á estética mariñeira, embelecemento das instalacións, características estéticas, congruencia coa contorna e nivel de modernidade dos elementos: **valorarase cun máximo de 5 puntos**.
 - Plan de iluminación, incluíndo detalle dos puntos de luz, tipos de iluminación, plan de conexión á rede eléctrica: **valorarase cun máximo de 2,5 puntos**.
 - Detalle preciso do proceso de montaxe, desmonte e mantemento, cun cronograma de tempos, previsión de imprevistos, medios materiais poñer ao dispor do servizo: **valorarase cun máximo de 2,5 puntos**.
- b) O programa que se implemente para a organización e xestión do mercado / feira, incluíndo: a forma de organización, ambientación da feira / mercado, as diferentes instalacións que formarán parte da mesma, sistema de información e contacto con Ínsula Sanxenxo, condicións de seguridade, salubridade e hixiene, requisitos e condicións mínimas e mecanismos de reacción ante diferentes tipoloxías de continxencias e o plan de comunicación e publicidade (que se detallen as medidas para adoptar para xerar un contido atractivo e un Plan de Marketing Dixital e accións publicitarias nas redes sociais). **Valorarase cun máximo de 7,5 puntos**, que serán xustificadas polos técnicos designados no momento de informar e asignar as puntuacións, con base nos seguintes criterios:
- Grao de precisión e detalle no formato de organización e xestión do mercado / feira: **valorarase cun máximo de 2,5 puntos**.



- Mecanismos establecidos para garantir o cumprimento das obrigacións de información, e os condicionantes e requisitos fixados para o adxudicatario (e os participantes do mercado / feira) na documentación reitora deste Prego **valorarase cun máximo de 2,5 puntos.**
- Grao de detalle, contido e conxunto de medidas expostas no Plan de Marketing Dixital **valorarase cun máximo de 2,5 puntos.**

As propostas que non alcancen neste subcriterio un mínimo de 30 puntos a xuízo do técnico informante, quedarán automaticamente eliminadas do concurso.

A2. O plan de vixilancia e seguridade, de acordo con as necesidades de seguridade e vixilancia do mercado / feira, tendo en conta posibles situacións de carácter extraordinario.

Neste plan deberán especificarse os medios persoais e materiais que se poñerán ao dispor do mercado / feira para garantir a seguridade das persoas e bens durante o desenvolvemento do evento.

Respecto a os medios persoais, os interesados indicarán (e valoraranse) o número de efectivos, a súa formación, distribución, horario e labores que asumirán. **Valorarase cun máximo de 2,5 puntos.**

B. Criterios avaliados a través de fórmula. Un máximo de 50 puntos.

B1. Incremento do canon fixado. Un máximo de 20 puntos.

A oferta de incremento do **importe mínimo a abonar a Insula Sanxenxo Empresa Municipal de Vivenda e Solo, S.L., o cal se fixa en 98.000 euros (máis IVE), excluíndose de maneira automática calquera solicitude inferior á referida contía, valorarase cun máximo de 20 puntos de acordo con a seguinte fórmula.**

$$20 * (\text{canon ofertado obxecto de valoración} / \text{mellor oferta presentada})$$

Todo elo sen prexuízo da obriga de abonar, sempre a maiores, o canon fixado por Costas.

B2. Pola realización de 2 eventos complementarios no termo municipal de Sanxenxo (de contidos musicais, culturais, de lecer ou educativos), dirixidos á poboación local e ao turismo e que incremente o número de visitantes. 10 puntos.

B3. Redución do tempo de instalación/montaxe. Un máximo de 10 puntos.



Redución do tempo instalación previsto	Puntuación
5 días	10 puntos
3 días	5 puntos
0 días	0 puntos

B4. Melloras: Instalación de 1 cuarto de baño con acceso a minusválidos cumprindo as esixencias que se recollen na Memoria Técnica: 10 Puntos.

C. Criterios de desempate.

Se aplicados os criterios de avaliación citados anteriormente, existe un empate entre dous ou máis solicitudes, aplicarase o seguinte criterio social, referidos ao momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

- Maior porcentaxe de mulleres empregadas no persoal de cada un dos interesados.
- Subsidiariamente, maior dispoñibilidade de medios persoais para atender ás necesidades do mercado / feira.

A documentación acreditativa do criterio de desempate será achegada polos interesados no momento no que se produza o empate a requirimento de Ínsula Sanxenxo e non con carácter previo.

BASE 9º. Presentación das solicitudes.

As solicitudes serán presentadas polos interesados do seguinte xeito:

1. Presentación de solicitudes.

Para participar no presente concurso, o interesados deberán presentar a súas solicitudes en tres sobres electrónicos, nos que incluírán a seguinte documentación:

- **Sobre n.º1 : Solicitud e documentación da entidade:**
 - Solicitud cumprimentada segundo o modelo adxunto como Anexo III.
 - Nome e CIF da entidade.
 - Estatutos.
 - Escritura pública de constitución ou acta fundacional.



- Número de teléfono fixo e móbil; correo electrónico a efectos de notificacións.
 - Certificado de estar ao corrente nas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, e de non dispor de ningunha débeda contraída co Concello de Sanxenxo, nin con ningún ente dependente do mesmo (Ínsula Sanxenxo Empresa Municipal da Vivenda e do Solo, S.L., Turismo de Sanxenxo, S.L., o Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo e Nauta Sanxenxo, S.L.)
 - Declaración responsable, aceptando as presentes bases, segundo o modelo adxunto como Anexo IV.
 - Póliza de responsabilidade civil nos termos requiridos na base 6, na que se acredite a súa vixencia para a duración total da autorización, e último recibo de pago. Subsidiariamente, compromiso vinculante da súa contratación no momento de resultar adxudicatario, con carácter previo ao desenvolvemento da actividade.
- **Sobre n.º 2.**

Proposta adaptada ao criterio de avaliación mediante xuízo de valor, conforme ao modelo que se achega como Anexo V a este Prego de bases.
 - **Sobre n.º 3.**

Proposta adaptada ao criterio avaliable a través de fórmula matemática, conforme ao modelo que se achega como Anexo VI a este Prego de bases.

2. *Forma e lugar de presentación das solicitudes.*

As solicitudes presentaranse en formato dixital a través da sede electrónica do Concello de Sanxenxo: <https://concellodesanxenxo.sedelectronica.gal/info.0>, a través do formulario Instancia Xeral, delimitando no texto do formulario “*Presentación de solicitude no concurso convocado para o outorgamento das autorizacións necesarias para a organización e xestión do mercado / feira de Portonovo durante a tempada de verán de 2024 (con posibilidade de prórroga)*”.

As solicitudes e toda a documentación adxunta deberá estar firmada electrónicamente polo representante legal da entidade solicitante, a través dalgún dos sistemas de firma admitidos polo artigo 10 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En todo caso, os interesados teñen a súa disposición, como punto de contacto con esta entidade, a seguinte dirección de correo electrónico para calquera dúbida ou cuestión ao respecto: administracioninsula@sanxenxo.es



3. *Prazo de presentación da documentación e demais requisitos das solicitudes.*

Os interesados deberán presentar as súas solicitudes no prazo de quince (15) días hábiles a partir da publicación destas bases na web do Concello.

BASE 10º. Apertura dos sobres e valoración das solicitudes.

Rematado o prazo de presentación das solicitudes, procederase a apertura do sobre n.º

1. A continuación, examínase a documentación achegada polos solicitantes ó obxecto de comprobar se dita documentación reúne os requisitos establecidos na Base n.º 7 do presente a Prego, podendo solicitarse os informes xurídicos que se estimen pertinentes para a comprobación de dita documentación.

Os interesados que non acheguen algúns dos documentos esixidos no sobre n.º1, poderán ser excluídos do concurso. Non obstante, si o defecto ou omisión se considerase rectificable, outorgarase un prazo de 2 días hábiles para que o solicitante presente en prazo a documentación omitida ou errónea. Si transcorrido dito prazo non se presenta a documentación requirida ou esta resultase insuficiente, o interesado poderá quedar excluído do concurso.

Unha vez verificada a documentación e rectificadas as deficiencias, elaborárase unha listaxe de entidades admitidas que será publicada na web do Concello de Sanxenxo.

Posteriormente, procederase á apertura do sobre n.º 2.

Aberto o sobre n.º 2, os/as técnicos/as designados ao efecto procederán a valorar e ponderar as solicitudes de acordo cos criterios expostos na Base n.º 8, podendo solicitarse a tal efecto os informes técnicos que se estimen pertinentes para a avaliación e ponderación das solicitudes formuladas.

Tras a emisión dos informes técnicos sinalados anteriormente, tomarase coñecemento deles sobre, no seu caso, a exclusión de solicitudes por incumprimento do Prego de bases e a Memoria Técnica, avaliando os criterios dependentes de un xuízo de valor das solicitudes admitidas, procedendo a continuación, no seu caso, á exclusión das solicitudes que non cumpran co sinalado ou que non alcancen a puntuación mínima esixida.

Seguidamente, procederase á apertura do sobre n.º 3 das solicitudes que non fosen excluídas anteriormente no concurso e, finalmente, se clasificarán por orde de puntuación sumando todos os criterios de avaliación.

As actas de apertura de sobres, calquera incidencia detectada nas mesmas, así como a valoración de solicitudes realizada, os informes emitidos, e o seu resultado serán obxecto de publicación na Web do Concello de Sanxenxo.



BASE 11º. Adxudicación.

O Consello de Administración de Insula Sanxenxo Empresa Municipal de Vivenda e Solo, S.L. procederá a adxudicar o concurso ó interesado que presente a solicitude que considere máis axustada ao obxecto do concurso e acade, por tanto, unha maior puntuación de acordo coa valoración dos criterios de outorgamento establecidos na Base n.º 8, podendo solicitar, no caso de ser necesario, informes complementarios.

BASE 12º. Dereitos e obrigas do adxudicatario.

O adxudicatario, unha vez outorgada a autorización, estará obrigado a:

1. Respetar o obxecto deste Prego e da autorización de Costas, cumprindo todas e cada unha das condicións que se sinalan no presente prego e cantas poidan ditarse con posterioridade para mellor funcionamento da explotación, que serán notificadas ao adxudicatario.
2. Cumprir a normativa vixente propia dos establecementos para os cales se adxudica a explotación. En todo caso quedan excluídos do ámbito deste mercado / feira os postos de carácter alimentario, sen que poidan ocuparse e destinarse casetas ou instalacións destinadas á venda ou comercialización de calquera produto alimenticio e/o bebidas.
3. Deberá presentar, no prazo de dez (10) días hábiles seguintes ao outorgamento da autorización, unha declaración responsable individual de cada un dos vendedores que participen na feira, na que se acredite que os produtos cos que participa, responden ao referido no punto anterior e determínese a modalidade á que corresponden os produtos de venda final.
4. Todos os participantes, tanto persoas físicas, como xurídicas, deberán estar dadas de alta na Seguridade Social e no epígrafe de actividades económicas que corresponda. Para estes efectos o adxudicatario deberá presentar no prazo de dez (10) días hábiles seguintes á resolución do concurso, unha declaración responsable individual de cada un dos vendedores que participen na feira / mercado de que se atopan ao corrente no seu deberes tributarios (Facenda Pública estatal, autonómica e local, Seguridade Social), e que cumpren con todos os requisitos en materia laboral e de actividade económica precisos para exercer a devandita actividade. No suposto de tendas con establecementos fixos que participen na feira, deberán, ademais estar dados de alta, no epígrafe de venda ambulante. Insula Sanxenxo Empresa Municipal de Vivenda e Solo, S.L. requirirá ao adxudicatario os certificados que acrediten que os participantes da feira atópanse o corrente destas obrigacións e, en particular, respecto á obrigación de pago pola participación en edicións anteriores. Para acreditar este extremo, esta sociedade emitirá o correspondente certificado a aqueles participantes que así llo soliciten.

5. Manter en bo estado a porción de dominio público utilizado, así como as instalacións, debendo repoñer calquera elemento dos mesmos que se deteriore ou inutilice polo uso ou explotación do servizo. O material para repoñer deberá ser da mesma calidade que o inutilizado ou, se iso non for posible, o máis similar que se ofrezca no mercado.
6. Responder dos danos e prexuízos que se poidan causar aos bens públicos utilizados ou que se ocasionen a terceiros.
7. Dispoñer de seguro de indemnización por riscos da actividade no que se inclúan coberturas de responsabilidade civil derivada da prestación do servizo, por 400.000 euros, e durante toda a feira, incluídas as datas do inicio da montaxe das casetas e as de retirada.
8. Pago do canon estipulado na solicitude, nos prazos sinalados no presente prego, e do canon de Costas.
9. O adxudicatario deberá cumprir as disposicións vixentes en materia tributaria, fiscal, laboral, de Seguridade Social e de Saúde Laboral, e, no seu caso, sanitaria.
10. Prestar colaboración a Insula Sanxenxo Empresa Municipal de Vivenda e Solo, S.L. e, no seu caso, ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra para a realización de inspeccións periódicas das condicións de prestación dos servizos contratados.
11. Durante o período de duración da autorización, o adxudicatario estará obrigado a montar as instalacións no dominio público no prazo estipulado, retirándoas unha vez finalizado o evento de maneira que os terreos ocupados queden en perfecto estado.
12. O adxudicatario deberá cumprir as condicións fixadas na autorización do Servizo Provincial de Costas e que Insula Sanxenxo Empresa Municipal de Vivenda e Solo, S.L. fará chegar ao adxudicatario e que este deberá poñer en coñecemento de todos os ocupantes das casetas.
